Cruzar as Vías

Guía sobre seguridade en espazos ferroviarios para ADULTOS



AGENCIA ESTATAL DE SEGURIDAD FERROVIARIA

AÑO EUROPEO DEL FERROCARRIL 2021

TÁBOA DE CONTIDOS

Obxectivo desta guía 3

Para comezar, algunhas definicións 4

Accesos non autorizados a espazos ferroviarios 6

Datos interesantes sobre trens e a súa relación coa seguridade 8

Riscos para os usuarios adultos 10

Claves para estar seguros nos espazos ferroviarios 12

O teu papel na seguridade viaria ferroviaria 14



OBXECTIVO DESTA GUÍA

O tren é un medio de transporte rápido e ecolóxico. Podemos viaxar case a calquera sitio en tren e dunha maneira cómoda. No entanto, é importante ter en conta que arredor dos trens e nas estacións hai riscos. Por iso é fundamental recoñecelos e saber como comportarnos con seguridade cando esteamos nas estacións de tren e noutros espazos ferroviarios.

A Axencia Estatal de Seguridade Ferroviaria pretende, con esta guía, influír de forma positiva nos comportamentos e hábitos da poboación, previndo comportamentos de risco e informando sobre como estar seguro en zonas ferroviarias.

O obxectivo xeral é, polo tanto, concienciar e, grazas a iso, tratar de reducir os accidentes dos usuarios nos espazos ferroviarios. Especificamente, a guía pretende difundir boas prácticas de seguridade entre os adultos en zonas ferroviarias, como o uso correcto dos pasos a nivel e dos cruzamentos entre plataformas, o comportamento correcto nas plataformas das estacións, etc.



PARA COMEZAR, ALGUNHAS DEFINICIÓNS

PLATAFORMA

Nas estacións de ferrocarril, superficie situada ao longo da vía, máis ou menos ancha, e coa altura conveniente para que os viaxeiros entren e saian dos trens, así como tamén para cargar e descargar equipaxes e efectos. A zona de seguridade adoita estar delimitada por unha liña que normalmente é amarela.





CATENARIA

Conxunto de cables suspendidos por riba da liña de ferrocarril para a subministración de electricidade aos trens eléctricos.



CRUZAMENTO ENTRE PLATAFORMAS

Intersección ao mesmo nivel entre un ferrocarril e os itinerarios expresamente dispostos en estacións e apeadoiros para o acceso peonil ás plataformas.



PASO A NIVEL

Cruzamento entre as vías do tren e a estrada ou camiño, normalmente sinalizado e ás veces protexido por barreiras e outros elementos de seguridade, como luces e son.

PASO INFERIOR

Túnel ou corredor que permite cruzar as vías de forma segura. Está localizado na plataforma. Habitualmente, está sinalizado cun letreiro con texto, unha imaxe e unha frecha apuntando para abaixo.





PASO SUPERIOR

Pasarela ou ponte que permite cruzar as vías con seguridade. Está localizado na plataforma. Habitualmente, está sinalizado cun letreiro con texto, unha imaxe e unha frecha apuntando para arriba.


VÍA


Camiño formado por dous carrís por onde circula o tren. Apóianse sobre unhas pezas que suxeitan e permiten manter o mesmo ancho, chamadas travesas. Estas, pola súa parte, están sobre unha base de pedras denominadas balastro que serve para repartir as cargas do conxunto e filtrar a auga.



ACCESOS NON AUTORIZADOS A ESPAZOS FERROVIARIOS


En 2014 morreron 1.074 persoas nos ferrocarrís europeos (UE-28)*. A maioría destas mortes debeuse a persoas que accederan a espazos non autorizados (66,9 %) e usuarios de pasos a nivel (26,5 %). En 2014, España ocupaba o posto número 12 entre os países do noso ámbito (Unión Europea-27) canto a mortalidade por atropelo nas vías e pasos a nivel.





*Datos: European Union Agency for Railways (2016). Railway Safety Performance in the European Union.

En España, o 52 % das mortes por esta causa debeuse a persoas que accederan a espazos non autorizados, o 32 % a usuarios de pasos a nivel, o 12 % a pasaxeiros e o 4 % a empregados.



As persoas que acceden aos espazos ferroviarios de forma non autorizada tratan de coller un atallo, tiraren fotos, intentan non pagar o billete ou pretenden cometer actos vandálicos (como roubar, facer graffitis ou pintadas e danar ou romper asentos, barreiras, sinais, pontes, etc.). Estes accesos non autorizados poden ter consecuencias tráxicas. Ademais, o acceso a espazos ferroviarios non permitidos está penado pola lei. **O acceso público ás vías do tren non está permitido, polo tanto, cruzalas nun lugar non autorizado é moi perigoso, ilegal e sancionable cunha multa de ata 7.500 euros.**



DATOS INTERESANTES
SOBRE TRENS E A SÚA RELACIÓN COA SEGURIDADE



ALGÚNS TRENS DE ALTA VELOCIDADE PESAN UNHAS 322 TONELADAS, O QUE EQUIVALE A UNS 260 COCHES.

Se estamos preto da plataforma ou da vía e un tren nos golpea **pode ser mortal.**

O elevado peso do tren **dificulta que pare con rapidez** ante unha persoa ou obstáculo na vía.

A DISTANCIA DE FREADA DUN TREN QUE CIRCULA A 160 KM/H PODE SER DE 1.000 METROS, O QUE SE CORRESPONDE CON 10 CAMPOS DE FÚTBOL.

Aínda que o maquinista nos vexa e accione o freo, **a distancia** necesaria **de freada é tan grande que o tren nos atropelaría. Non é un coche.**



ALGÚNS TRENS TEÑEN UNHA POTENCIA DE 8.800 KW, COMO 120 COCHES.

Esta potencia permítelles alcanzar **velocidades elevadas.**

A través da **catenaria** subminístrase electricidade aos trens. Esta corrente nunca se apaga e ten unha **potencia mortal.**

Non é preciso tocar a catenaria para electrocutarse, **é suficiente estar preto dela para estar en risco de morte ou de feridas graves.**





ALGÚNS TRENS DE ALTA VELOCIDADE PODEN ALCANZAR OS 300 KM/H.

Os trens que viaxan a alta velocidade **poden producir un efecto de succión** e crear un baleiro arrastrándote debaixo do tren.

RISCOS PARA OS USUARIOS ADULTOS

A présa por chegar a tempo para cumprir cos tempos marcados no traballo ou coas responsabilidades familiares **pode** xerar un elevado grao de estrés e **facer que as persoas asuman riscos e sexan máis imprudentes** nos seus comportamentos.

As esixencias relacionadas co tempo poden levar os adultos que se desprazan en tren, ou que deben atravesar espazos ferroviarios, a non teren en conta unha serie de factores que inflúen directamente sobre a súa seguridade. Asumir riscos innecesarios como cruzar por lugares indebidos, non respectar a sinalización ou determinadas distraccións como utilizar o teléfono móbil ou o GPS mentres se conduce poden xerar un certo grao de estrés nas persoas.

Ademais, estas présas e imprudencias nas zonas ferroviarias **nalgunhas ocasións van acompañadas de erros que repercuten noutras persoas**, ás veces nos nenos e nenas.

Hai **outros factores** que poden contribuír a que aumente o risco de sufrir un accidente. O consumo de **alcohol, drogas e/ou certos medicamentos** ten graves consecuencias e **pode afectar á seguridade**. O consumo destas substancias pode facer que a visión sexa borrosa, que cambie a percepción do risco e que se reduza a capacidade de resposta nos espazos ferroviarios ou ao conducir un coche, unha moto ou outro vehículo, cando se aproxima ou usa os pasos a nivel.



A mobilidade nas cidades está a mudar de forma moi rápida. Os espazos que hai uns anos estaban destinados case en exclusiva aos automóbiles e a outros vehículos motorizados pasaron a ser espazos compartidos con outros vehículos, como os de mobilidade persoal ou as bicicletas. No caso dos **ciclistas e dos condutores de vehículos de mobilidade persoal** (patinetes eléctricos, segways, rodas eléctricas...) **é importante coñecer como comportarse con seguridade nos espazos ferroviarios** para evitar riscos innecesarios.





CLAVES PARA ESTAR SEGUROS NOS ESPAZOS FERROVIARIOS

Ten coidado co espazo que hai entre a plataforma e o tren, é moi fácil tropezar e meter o pé. Para facilitar o acceso ao tren hai barras de apoio nas portas. **Entra con calma, non é preciso correr.**


Presta atención ao **sinal luminoso e acústico de peche das portas**, cando se ilumine ou soe non intentes subir ou baixar do tren. **Detente, espera e apaña o seguinte.**

Mantente detrás da liña amarela ou de seguridade da plataforma ata que o tren estea completamente detido. **Se estás preto da beira da plataforma, o tren pódete golpear ou succionar.**

Se che cae algo ás vías nunca intentes collelo. É moi perigoso. Sempre **pide axuda ao persoal da estación.**

Nas estacións e noutros espazos ferroviarios camiña, **non corras**. Son lugares en que hai riscos e podes caer ou facer caer alguén.





Nas estacións **evita levar os auriculares ou baixa o volume** e procura non usar os dispositivos electrónicos. Así poderás estar alerta e escoitar as mensaxes informativas e de advertencia. Isto é de maior importancia cando un vai cruzar as vías, pois **é imprescindible escoitar o tren**.

Nunca tires selfies na beira da plataforma porque pode ser moi perigoso.

Non collas atallos. **É perigoso cruzar as vías do tren**. Os trens poden vir de calquera dirección, de calquera das vías e en calquera momento.


Nas estacións e nos seus arredores **hai pasos autorizados para atravesar as vías**: pasos superiores, pasos inferiores, cruzamentos entre plataformas e pasos a nivel.

Nos cruzamentos entre plataformas e pasos a nivel: para, mira para ambos os lados, escoita e pensa "é seguro cruzar?".

Os trens non pasan sempre á mesma hora. Mesmo poden pasar sen estaren programados. Por iso é importante estar nas zonas en que non hai riscos.

Ten precaución.







O TEU PAPEL NA SEGURIDADE VIARIA FERROVIARIA

Os estudos demostran que **a maior parte das condutas imprudentes** nos espazos ferroviarios **son realizadas por adultos novos e persoas de idade avanzada**.

Hai que ter en conta que **os nenos e as nenas están fortemente influenciados polos comportamentos que observan dos adultos** que os rodean, o que os pode conducir a reproduciren os comportamentos observados.

A utilización de camiños indebidos ou **as condutas imprudentes nas estacións** e nos pasos a nivel, entre outros, **son hábitos que se aprenden** no ámbito máis próximo e pasan dunha xeración a outra.





Os pais, nais, avós e outros adultos convértense en modelos de conduta e transmisores de coñecemento sobre seguridade ferroviaria.

Lembra que **o teu papel é fundamental para ensinar aos teus fillos e a outros nenos e nenas como estar seguro nas estacións de tren e outros espazos ferroviarios.**





As imaxes recollidas na guía foron cedidas por ADIF, AESF, Fundación de los Ferrocarriles Españoles e Renfe ou adquiridas en bancos de imaxe con licenza ou licenzas Creative Commons.

PARA,
MIRA,
ESCOITA,
VIVE!

Cruzar
as Vías

Deseño: www.uvebrand.com

NIPO: 796-21-005-0 Edita: © Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana - Secretaría General Técnica

Elaboración técnica:
Secretaría Técnica:
Fundación de los Ferrocarriles Españoles

AESF Agencia Estatal de Seguridad Ferroviaria